



Tito Asorey conta cunha longa traxectoria actoral tanto no ámbito **teatral**, onde participou en máis de vinte e cinco espectáculos, como no **audiovisual**. Neste ámbito faise coñecido en Galicia por ser un dos personaxes principais da serie «Serramoura», que se emite con gran éxito na **TVG**. Dá o salto á ficción nacional con **series** como «Fariña», «Servir y Proteger», «Rapa», «Valeria» o «El caso Asunta», entre outras moitas. En cinema participou en **películas** como «Malencolía» ou «Arima».



A actriz **Melania Cruz** é coñecida polo seu extenso traballo tanto en cinema como en televisión e teatro. En 2022, Melania gañou o premio de **Cultura Galega de las artes escénicas**, e en 2021 foi recoñecido o seu traballo co galardón **Mestre Mateo** a Mellor Interpretación Feminina por «ONS», de Alfonso Zarauza. Destacan os seus traballos en **cinema** como protagonista de «Arima», «Dhogs» e «A Esmorga»; e para **televisión** nas series «Clanes», «Rapa T.2», «La Unidad» e «La Promesa». En **Teatro** é creadora e produtora da Compañía «**A Quinta Do Cuadrante**», xunto a Tito Asorey, con éxitos como a obra «Continente María»



www.feteagal.es

formacion@feteagal.es



**II XORNADAS
FORMATIVAS**

**DA PALABRA
Á ACCIÓN**

Tito Asorey e Melania Cruz

Organiza:



Patrocinan:



Colabora:



O curso céntrase en reivindicar o poder da palabra como ferramenta de expresión artística e vital, ofrecendo técnicas e procedementos para transformar o texto escrito en acción e realidade. Trátase dun obradoiro intensivo de técnica textual, orientado a explorar a palabra máis aló do ámbito teatral ou audiovisual, conectándoa coa necesidade humana de expresarse.

Obxectivos xerais:

- Desenvolver técnicas para abordar a interpretación a partir dun texto.
- Valorar a expresión oral como medio de activar pensamentos e emocións.
- Afondar nos procesos de análise, emisión e recepción da palabra.

Obxectivos específicos:

- Comprender de maneira práctica os mecanismos anatómicos da voz.
- Ler e analizar un texto dramático desde a perspectiva da acción.
- Practicar a escoita activa como base da interpretación.
- Entender como a escrita orienta a elocución.
- Optimizar o uso da palabra en rexistro, claridade e textura.
- Diferenciar técnicas da linguaxe escrita e oral dentro dun proceso continuado.

Venres
5
decembro

16:00 Recepción de asistentes e entrega de acreditacións.

17:00 Acto inaugural.

18:30 Tempo libre.

21:00 Cea con animación a cargo de Delatoute Prod.

Sábado
6
decembro

10:00 Formación.

12:00 Pausa café.

12:30 Formación.

14:00 Fin sesión mañá.

14:30 Comida.

16:30 Formación.

19:00 Fin sesión tarde.

19:30 Ruta guiada por Ourense / Tempo libre.

21:00 Cea con animación a cargo de Oreteiro.

Domingo
7
decembro

10:00 Formación

12:00 Pausa café.

12:30 Formación.

14:00 Fin sesión mañá.

14:30 Comida.

16:30 Formación.

19:00 Fin sesión tarde.

19:30 Ruta guiada por Ourense / Tempo libre.

21:00 Cea con animación a cargo de Esteta.

Luns
8
decembro

10:00 Formación.

12:00 Pausa café.

12:15 Formación.

14:00 Fin da sesión.

14:10 Acto clausura e entrega de diplomas.

15:00 Comida.

19:00 Obra de teatro como clausura.
The Sastre "Neve en Outono"